



FICHA RESUMO

CM 410A 2011/ 2 -5

Ano	2011
Entidade	CONFRARIA DE PESCADORES DE REDONDELA
Plan explotación⁽¹⁾	POLIQUETOS
Réxime⁽²⁾	RECURSO ESPECÍFICO
Modalidade⁽³⁾	A PÉ

Especies	<i>Hediste diversicolor, Diopatra neapolitana</i>
Ámbito do plan	A Portela (de Punta Monte Gordo a Punta de Socorro) e praia de Barra.
Subzonas de explotación	

Participantes no plan de explotación		
Número de permex/persoas autorizadas		
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes
7		
Ampliación do número de permex⁽⁴⁾		Si
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes/Habilitacións
5		

Calendario de explotación											
Días máximos de extracción		100									
Época y zona probable de extracción⁽⁵⁾ Do 16 de marzo ao 31 de outubro.											
Modalidade⁽³⁾: A PÉ											
xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agosto	setemb	outub	novemb	Dec
		X	X	X	X	X	X	X	X		

Especies	A pé (indiv/mariscadora/día)
<i>Hediste diversicolor</i>	800 individuos
<i>Diopatra neapolitana</i>	800 individuos

Artes a empregar	Forquita
-------------------------	----------

Puntos de control	A Portela e lonxa de Cesantes.
Puntos de venda	Centro de venda autorizado

Outras consideracións⁽⁹⁾
<p>Calendario de traballo: De acordo co establecido no artigo 7º da orde de 6 de febreiro de 1998, pola que se regula a extracción de poliquetos, vermes mariños para cebo, no litoral de Galicia, fíxase unha veda para a extracción de poliquetos do 1 de novembro ao 15 de marzo, salvo que a Dirección Xeral de Ordenación e Xestión de Recursos Mariños modifique dito prazo. Por outra banda, a extracción de poliquetos poderá realizarse tódolos días laborables, agás os sábados no horario establecido pola normativa vixente.</p> <p>Participantes: O número de mariscadores incluídos no plan é de 7. A ampliación solicitada de 15 participantes corresponde á mesma petición formulada para o plan específico para as zonas de libre marisqueo para a extracción de moluscos bivalvos para o ano 2011, sen embargo finalmente foi aprobada unha ampliación de 5 permisos. Ademais, poderanse incorporar a este</p>



plan de explotación as 5 persoas que resulten seleccionadas no proceso de ampliación de permisos de explotación para marisqueo xeral a pé aprobado nos plans de explotación de moluscos bivalvos desta entidade.

Cotas máximas de captura. A cota máxima de capturas de poliquetos é de 800 individuos/día por persoa autorizada (art. 6º da Orde do 6 de febreiro de 1998).

Remisión de datos: Para mellorar a xestión dos bancos e evitar situacións de sobrepesca é necesario realizar un control do esforzo pesqueiro, polo que deberán remitir regularmente a información necesaria para o seguimento da explotación ao departamento territorial da Consellería do Mar de xeito que coa solicitude de apertura mensual os técnicos deberán ter recibido os datos do mes anterior.

Extracción simultánea de poliquetos con outros recursos: O artigo 4º da Orde do 6 de febreiro de 1998, establece que en ningún caso poderá simultanearse a extracción de poliquetos coa doutros recursos.

Deberán respectarse as limitacións que se poidan establecer no informe que emita a Consellería de Medio Rural sobre a autorización previa para desenvolver o plan de explotación para o 2011.